



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.gal



Normas de competición

Páxina 1 de 17



Índice

1. Normas de competición	4
Introdución	4
1.1. Ámbito de aplicación	4
1.2. Valores	4
1.3. Organización da competición	4
1.4. Comité Organizador de Galiciaskills	4
1.5. Relacións públicas e publicidade	4
2. Organización da competición	5
2.1. Deberes do organizador da competición	5
2.1.1. Provisión de infraestruturas.....	5
2.1.2. Empresas patrocinadoras	5
2.1.3. Programa da competición.....	5
2.1.4. Información	5
2.2. Inscripción	5
3. Modalidades de participación	6
3.1. Modalidades de competición	6
3.1.1. Modalidades de competición oficiais.....	6
3.1.2. Modalidades de exhibición	6
3.2. Tipos de modalidades de competición e número de competidores e competidoras	6
3.2.1. Modalidades de competición individuais.....	6
3.2.2. Modalidades de competición por equipos.....	6
3.2.3. Baixa dunha modalidade de competición.....	6
3.3. Descricións técnicas das modalidades de competición	7
3.3.1. Elaboración das Descricións técnicas	7
3.3.2. Contido da Descrición técnica.....	7
3.4. Listas de infraestruturas por modalidade de competición	7
3.5. Plan de probas	8
3.5.1. Elaboración do Plan de probas	8
3.5.2. Contido do Plan de probas.....	8
3.5.3. Desenvolvemento da competición	8
3.5.4. Confidencialidade e difusión do Plan de probas	8
3.5.5. Propiedade intelectual dos plans de probas	8
4. Seguridade dos equipos e as persoas.....	8
4.1. Política de seguridade da competición	8
4.2. Responsabilidades	9
5. Participantes na competición	9
5.1. Alumnado competidor	9
5.1.1. Condicións de participación.....	9
5.1.2. Alumnado con discapacidade	9
5.1.3. Dereitos do alumnado competidor.....	9
5.1.4. Participación dos gañadores e gañadoras nas competicións nacionais.....	10
5.2. O titor ou titora do alumnado competidor	10



5.3. O xurado	10
5.3.1. Composición do xurado	10
5.3.2. Funcións do xurado	10
5.3.3. Funcións da presidencia do xurado.....	11
5.4. O experto ou experta	11
6. Desenvolvemento da competición.....	12
6.1. Acreditación e identificación na competición	12
6.2. Acceso aos recintos propios de cada competición	12
6.2.1. Acceso aos medios de comunicación	12
6.3. Asignación de postos de traballo	12
6.3.1. Período de familiarización	12
6.3.2. Comprobación dos instrumentos de medida.....	12
6.4. Dereitos do alumnado competidor	13
6.5. Obrigacións do alumnado competidor	13
6.6. Materiais e equipamento	13
6.6.1. Falta de elementos que o alumnado competidor debe achegar	13
6.6.2. Materiais de substitución	14
6.7. Comunicacións e incidencias durante a competición	14
6.7.1. Comunicación do inicio e do final do traballo diario.....	14
6.7.2. Confidencialidade do Plan de probas.....	14
6.7.3. Enfermidade ou accidente.....	14
6.7.4. Medidas disciplinarias	14
6.8. Actividades ao final da competición	14
7. Avaliación e sistema de cualificación	14
7.1. Criterios de avaliación	15
7.2. Cualificación	15
7.3. Avaliación	15
7.4. Resultados	15
7.4.1. Recursos sobre os resultados.....	15
7.4.2. Custodia dos traballos completados.....	15
7.4.3. Publicación de resultados	16
8. Medallas e certificacións	16
8.1. Medallas de ouro e prata	16
8.2. Certificacións	16
9. Participación nos campionatos nacionais	16
10. Procedemento para a resolución de conflitos.....	16
10.1. Resolución no seo da modalidade de competición	16
10.2. Resolución polo Comité Organizador	17
11. Faltas e sancións.....	17
11.1. Tipificación das faltas	17
11.2. Sancións	17



1. Normas de competición

Introdución

As normas de competición definen as regras e os criterios aplicables ás condutas, ás actividades e ás tarefas relacionadas coa organización e o desenvolvemento da competición Galiciaskills.

1.1. Ámbito de aplicación

Todas as persoas implicadas en calquera aspecto ou fase da competición deben acatar as presentes normas. As palabras e/ou expresións referidas ao xénero masculino implican tamén o xénero feminino. As normas son de aplicación a toda a competición, independentemente da modalidade que se desenvolva.

1.2. Valores

A integridade, a transparencia, a equidade, a colaboración e a innovación constitúen os principais valores e as bases fundamentais da competición Galiciaskills.

1.3. Organización da competición

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional convocará cada dous anos a competición autonómica. A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa será a encargada da organización da competición a través da Subdirección Xeral de Formación Profesional, en diante SXFP.

1.4. Comité organizador de Galiciaskills

O Comité Organizador de Galiciaskills é o máximo responsable da organización e o desenvolvemento do campionato Galiciaskills.

O comité organizador tomará as decisións respecto a calquera asunto relativo ao desenvolvemento das competicións, sempre que non estean recollidas nas presentes normas de competición, e estará formado por:

- Un presidente, que será o Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue.
- Un vicepresidente, que será a Subdirectora Xeral de Formación Profesional ou persoa en quen delegue.
- Tres vogais da SXFP, dos cales un actuará como secretario.

1.5. Relacións públicas e publicidade

A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa será responsable das relacións públicas e da publicidade antes, durante e despois da competición, sen prexuízo das accións que puidesen realizar os centros docentes no seu ámbito de xestión.

Galiciaskills, en calidade de entidade promotora, resérvase todos os dereitos relativos á competición.



2. Organización da competición

2.1. Deberes do organizador da competición

2.1.1. Provisión de infraestruturas

A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa é a responsable de proporcionar os recursos, os medios e os equipamentos necesarios para o desenvolvemento de cada modalidade de competición.

Así mesmo, proporcionará o aloxamento e a manutención durante os días de competición aos competidores, titores e expertos.

Os competidores e os membros do xurado deberán achegar as ferramentas e os equipos de protección individual establecidos na descrición técnica de cada modalidade de competición.

Ademais de proporcionar a infraestrutura e o equipamento para o desenvolvemento das competicións, o comité organizador proverá polo menos dos seguintes espazos necesarios para a competición:

- Un salón de actos para as cerimonia de inauguración e clausura.
- Espazos para as reunións dos xurados.

2.1.2. Empresas patrocinadoras

As empresas que patrocinen unha modalidade de competición determinada achegarán a parte de equipamentos e/ou infraestrutura necesaria para o desenvolvemento da competición, segundo o acordo ao que se chegue con elas.

2.1.3. Programa da competición

O comité organizador elaborará o programa xeral da competición, así como todas as actuacións relativas ás cerimonia de inauguración e clausura.

2.1.4. Información

O organizador da competición informará os medios de comunicación acerca dos aspectos que considere relevantes para a difusión da competición. Toda a documentación que se difunda por calquera tipo de medio debe mencionar a Galiciaskills.

2.2. Inscripción

Os centros educativos deberanse inscribir no prazo que se especifique na convocatoria e polo procedemento que se notifique.

Só se poderá inscribir alumnado matriculado en ensinanzas sostidas con fondos públicos.

O centro docente deberá notificar para cada participante ou equipo seleccionado:

- A modalidade de competición na que participará.
- O titor asignado a cada competidor ou equipo seleccionado.



De ser o caso, o centro docente informará do alumnado rexistrado con discapacidade e das medidas necesarias para posibilitar a súa participación. Será obrigatoria calquera información que se solicite para poder realizar as correspondentes acreditacións.

3. Modalidades de participación

Para cada edición de Galiciaskills, as modalidades da competición estableceranse tendo en conta a súa posible inclusión na seguinte convocatoria de Spainskills.

3.1. Modalidades de competición

O comité organizador da Galiciaskills establecerá as modalidades de competición que se desenvolverán en cada campionato autonómico.

3.1.1. Modalidades de competición oficiais

Serán modalidades de competición oficiais as que o organizador comunique para cada campionato antes de realizar a inscrición provisional e as de demostración que se considere. O comité organizador informará os centros docentes das modalidades de competición nas que poidan inscribirse, a través da ligazón <http://www.edu.xunta.es/fp/galiciaskills>.

3.1.2. Modalidades de exhibición

Os centros docentes e as empresas patrocinadoras poden solicitar ao comité organizador a presentación dun aspecto novo dunha competición baixo a forma dunha modalidade de exhibición. O traballo de exhibición non se considerará competición e, en consecuencia, non se concederán medallas como recoñecemento. Con todo, o comité organizador fará entrega aos participantes dun certificado que recoñeza a súa colaboración. O comité organizador deberá aprobar a celebración das modalidades de exhibición solicitadas.

3.2. Tipos de modalidades de competición e número de competidores

3.2.1. Modalidades de competición individuais

Considéranse como tales as modalidades de competición oficiais que non teñan a consideración de exhibición e nas que participe só un competidor por modalidade. Para ser incluída na competición deberá contar, polo menos, con catro participantes na inscrición definitiva.

3.2.2. Modalidades de competición por equipos

Considéranse como tales as modalidades de competición oficiais que non teñan a consideración de exhibición e nas que a participación sexa en equipo de máis dun competidor por modalidade. Para ser incluída na competición deberá contar polo menos con catro equipos participantes na inscrición definitiva.

3.2.3. Baixa dunha modalidade de competición

Unha modalidade de competición que supere os requisitos relativos á inscrición provisional poderá causar baixa da competición se o número definitivo de competidores é inferior ao establecido para a devandita modalidade. O comité organizador informará os centros docentes desta circunstancia logo de coñecidos os datos de inscrición definitivos.



3.3. Descricións técnicas das modalidades de competición

A Descrición técnica de cada modalidade de competición é o documento que especificará a competencia requirida, o alcance do traballo proposto e os criterios de avaliación da competición, así como os requisitos específicos de seguridade. Ademais, a descrición técnica determinará os materiais e o equipamento propio que o alumnado competidor deberá achegar e indicará, de ser o caso, os prohibidos na competición. A descrición técnica deberá permitir que o alumnado competidor prepare a súa participación na competición e indicará os aspectos xerais en que se baseará a competición.

As descricións técnicas respectarán as normas de competición.

3.3.1. Elaboración das descricións técnicas

As descricións técnicas de cada modalidade de competición serán elaboradas polo experto correspondente, que poderá contar coa colaboración das empresas patrocinadoras ou do sector produtivo relacionado, así como dos titores de cada modalidade, e poranse en coñecemento do comité organizador da competición para a súa revisión.

3.3.2. Contido da descrición técnica

A descrición técnica de cada modalidade de competición indicará o número da modalidade, a súa denominación oficial e, polo menos, os seguintes elementos:

- Obxectivos específicos da competición.
- Competencia requirida e resumo do traballo proposto.
- Instrucións xerais para o desenvolvemento da competición.
- Criterios de avaliación da competición.
- Equipamentos e materiais que debe achegar o alumnado competidor.
- Requisitos específicos de seguridade e saúde.

3.4. Listas de infraestruturas por modalidade de competición

A lista de infraestruturas establece as características técnicas do equipamento e os materiais que debe proporcionar o organizador da competición para o desenvolvemento de cada modalidade incluída na competición.

A lista de infraestruturas abranguerá o material necesario desde o punto de vista tanto técnico como organizativo, incluíndo os datos necesarios para a montaxe das infraestruturas e o desenvolvemento da competición.

A lista de infraestruturas será elaborada polo experto da modalidade de competición correspondente, coa colaboración, de ser o caso, das empresas patrocinadoras e/ou colaboradoras, ou do sector produtivo relacionado, así como dos titores de cada modalidade, e poranse en coñecemento do comité organizador da competición para a súa revisión.

O experto de cada modalidade de competición verificará, con antelación ao comezo da competición, que a zona de competición dispoña dos elementos necesarios para levar a cabo as actividades indicadas no plan de probas de cada modalidade e comprobará que as infraestruturas se dispoñan de acordo co establecido pola lexislación en materia de seguridade e saúde laboral.



3.5. Plan de probas

O plan de probas é o documento que contén as especificacións para que o alumnado competidor poida desenvolver o traballo práctico proposto e amose o dominio das habilidades requiridas para iso. Cada modalidade de competición contará co seu Plan de probas.

O traballo práctico estará estruturado en módulos que se poderán executar e avaliar de xeito independente. Para cada módulo indícanse os criterios de avaliación e o esquema de cualificación.

3.5.1. Elaboración do plan de probas

O plan de probas será elaborado polo experto correspondente, que poderá contar coa colaboración das empresas patrocinadoras ou do sector produtivo relacionado, así como dos titores de cada modalidade, e porase en coñecemento do comité organizador da competición para a súa revisión. Os módulos de traballo definidos no plan de probas elaboraranse tomando como referencia as indicacións contidas na descrición técnica.

3.5.2. Contido do plan de probas

O plan de probas conterá as instrucións detalladas para o desenvolvemento das probas de acordo coas especificacións establecidas na descrición técnica da modalidade de competición correspondente.

3.5.3. Desenvolvemento da competición

Os plans de probas deberán permitir que o alumnado competidor demostre as competencias e as habilidades establecidas na descrición técnica da modalidade de competición correspondente ao longo dos días que dure a esta.

Con carácter xeral, a duración do traballo definido no plan de probas non será superior a 16 horas ao longo dos dous días que dura a competición, e o desenvolvemento das actividades ou tarefas necesarias para completar a proba suporá como máximo oito horas de traballo diario para o alumnado ou equipo competidor. Os plans de probas especificarán o esquema de cualificación, que deberá corresponderse cos criterios de avaliación que figuran na descrición técnica.

Antes do comezo da execución dos traballos entregaráselle ao alumnado competidor as especificacións correspondentes a cada módulo do plan de probas e/ou, de ser o caso, a cada proba parcial avaliable.

3.5.4. Confidencialidade e difusión do plan de probas

As persoas que participen na elaboración dos plans de probas comprométense a manter a súa confidencialidade.

O plan de probas darase a coñecer aos competidores no momento da competición que se considere oportuno.

3.5.5. Propiedade intelectual dos plans de probas

O plan de probas é propiedade da organización da competición e non pode retirarse da sede da competición nin utilizarse de ningún xeito sen a autorización correspondente.

4. Seguridade dos equipamentos e das persoas

4.1. Política de seguridade da competición

Todas as persoas que estean acreditadas deben cumprir as obrigas establecidas pola lexislación sobre seguridade e saúde.



4.2. Responsabilidades

Os expertos serán os encargados de verificar as condicións de seguridade das instalacións e das persoas na área da competición, ao comezo e durante o desenvolvemento desta, e de notificar ao comité organizador as incidencias detectadas, de ser o caso.

5. Participantes na competición

5.1. Alumnado competidor

Cada centro docente solicitará a inscrición do seu alumnado para as modalidades de competición convocadas. Só poderá inscribir un participante (ou parella de participantes) por modalidade de competición, que representará o centro educativo no campionato.

5.1.1. Condicións de participación

Para participar como alumnado competidor en GaliciaSkills serán requisitos indispensables:

- Estar a cursar algún ciclo formativo de formación profesional do sistema educativo na Comunidade Autónoma de Galicia no presente curso académico ou, excepcionalmente, superar un ciclo formativo de formación profesional con anterioridade, nun centro sostido con fondos públicos.
- Ser seleccionado polo centro docente no que cursa ou cursou os seus estudos.
- Ter un máximo de 21 anos feitos o 31 de decembro do ano de celebración da competición, bardante na modalidade de Mecatrónica, na que non se poderán ter feitos máis de 24 anos.
- Non ter participado na fase nacional do campionato con anterioridade á convocatoria actual.

5.1.2. Alumnado con discapacidade

Os competidores con discapacidade poderá participar na competición na medida en que a súa discapacidade non lles impida executar o plan de probas dentro do tempo especificado. Para iso, a organización adaptará o posto de traballo de acordo coas características do competidor e, ademais, permitirá que os participantes poidan contar cunha persoa de apoio para realizaren actividades que non estean directamente ligadas á competición.

5.1.3. Dereitos do alumnado competidor

O alumnado competidor será tratado con equidade, honestidade e transparencia en todo momento ao longo da competición e, concretamente, terá dereito a:

- Recibir instrucións claras e sen ambigüidades.
- Esperar que ningún competidor reciba axudas inxustas nin calquera intervención que lle proporcione unha vantaxe.
- Coñecer o plan de probas ao mesmo tempo que o resto dos competidores.
- Ser avaliado cun sistema de cualificación que non conceda vantaxe a ningún participante en particular.
- Dispor da asistencia que poida necesitar por parte dos membros do xurado e/ou do experto da modalidade de competición, sempre que non constitúa vantaxe respecto aos demais participantes.



5.1.4. Participación dos gañadores nas competicións nacionais

Os gañadores de cada proba poderán pasar a formar parte da selección autonómica e representar a Galicia na competición nacional Spainskills seguinte á autonómica na que resulten gañadores, sempre que cumpran os requisitos de idade establecidos e se convoque a modalidade correspondente na competición nacional.

5.2. O titor do alumnado competidor

Os centros docentes participantes na competición designarán un titor por cada competidor ou equipo competidor, que o acompañará durante o desenvolvemento da competición e que poderá acceder á área de competición cando así o permita o xurado. O titor supervisará o adestramento do competidor para participar na competición autonómica.

No caso de que o competidor obteña a medalla de ouro na modalidade na que participa, o titor poderá acompañalo á competición nacional e encargarse do seu adestramento.

5.3. O xurado

É o órgano encargado de levar a cabo as actuacións necesarias para levar a bo termo as actividades incluídas en cada plan de probas das modalidades de competición. O xurado é o responsable da cualificación das probas.

5.3.1. Composición do xurado

O xurado de cada modalidade de competición estará composto por un número mínimo de tres membros, incluído o experto, que actuará como secretario. A DXEFPIE establecerá o número de membros que compoñerán cada xurado e indicará o número de especialistas do sector e, de ser o caso, o número de titores do alumnado competidor que actuarán como xurados.

O xurado de cada modalidade constituirase de acordo co seguinte procedemento:

- Un presidente, que será o experto correspondente.
- Un ou dous vogais, en representación das empresas que patrocinen a competición e profesionais expertos, de ser o caso.
- Un ou dous vogais, en representación do profesorado de formación profesional relacionado coas especialidades convocadas, entre quen se pode incluír os titores dos competidores.

Os xurados constituiranse de acordo co seguinte procedemento:

- O día anterior ao comezo da competición, o experto correspondente erixirase en presidente do xurado, decidirá, en función do número de participantes, o número de membros do xurado e designará, na zona de competición, os vogais por sorteo de entre quen o solicite, cumprindo as condicións de representación antes descritas.
- O presidente do xurado redactará acta da constitución deste e comunicaráo ao comité organizador da competición.

5.3.2. Funcións do xurado

Os membros do xurado serán responsables de:

- a) Avaliar as actividades realizadas de acordo co estipulado nos plans de probas. Os titores do alumnado competidor que actúen como xurado non poderán avaliar competidores dos seus centros docentes.



- b) Verificar a idoneidade das ferramentas ou dos equipamentos que os participantes deben achegar á competición.
- c) Velar por que a competición se desenvolva en condicións de igualdade para todos os participantes.
- d) Contrastar os seus instrumentos de medida cos dos participantes, cando sexa necesario para a avaliación.
- e) Velar para que a competición se desenvolva en condicións adecuadas de seguridade e saúde.
- f) Elaborar unha listaxe coas puntuacións finais dos participantes, na que se indiquen as medallas de ouro e as de prata.
- g) Asesorar o comité organizador da competición nos aspectos que se lle propoñan.

5.3.3. Funcións da presidencia do xurado

O presidente do xurado será responsable de:

- a) Verificar a identidade dos participantes e a súa inclusión como competidores, así como o requisito de idade establecido para a modalidade de competición.
- b) Informar os participantes ao comezo da competición de:
 - O desenvolvemento da competición.
 - O sistema de avaliación.
 - As normas de comportamento e, de ser o caso, as penalizacións.
 - Os horarios da competición.
 - Outras cuestións que consideren oportunas.
- c) Velar polo cumprimento das normas da competición.
- d) Resolver en primeira instancia as reclamacións relativas ao desenvolvemento da competición.

5.4. O experto

Por cada modalidade oficial de competición, o comité organizador designará un experto, que asumirá as seguintes funcións:

- a) Elaborar a documentación técnica da competición, que incluirá:
 - A descrición técnica.
 - A listaxe de infraestruturas.
 - O plan de probas.
- b) Verificar antes do comezo da competición que se dispoña da infraestrutura e dos medios necesarios para o desenvolvemento das actividades programadas, de acordo coa descrición técnica da modalidade de competición.
- c) Comprobar a operatividade dos equipamentos, a dispoñibilidade dos materiais necesarios e o cumprimento das normas establecidas, incluíndo as normas de seguridade, no recinto da competición.
- d) Cubrir e verificar a documentación da competición.
- e) Asesorar, de ser o caso, o comité organizador da competición nos aspectos que se lle propoñan.
- f) Resolver as dúbidas que o comité organizador expoña en relación coa elaboración dos documentos para a competición.
- g) Actuar como interlocutor cos titores do alumnado competidor.
- h) Exercer a presidencia do xurado da súa competición.



6. Desenvolvemento da competición

6.1. Acreditación e identificación na competición

Todas as persoas deben estar convenientemente acreditadas para accederen aos espazos da competición.

O comité organizador da competición é responsable de emitir as acreditacións de todas as persoas que teñan acceso ao recinto da competición e aos espazos específicos das competicións. O acceso á zona de secretaría e á zona reservada para a organización estará restrinxido ás persoas acreditadas oficialmente para iso.

6.2. Acceso aos recintos propios de cada competición

As persoas que poden acceder aos recintos específicos de cada competición e que deben estar debidamente acreditadas son:

- Competidores.
- Membros do xurado.
- Experto da modalidade de competición.
- Titores do alumnado competidor, nos momentos especificados.
- Representantes da organización.
- Outras persoas autorizadas polo comité organizador.

6.2.1. Acceso aos medios de comunicación

O comité organizador poderá conceder aos medios de comunicación autorización para o acceso especial a determinadas zonas da sede da competición.

6.3. Asignación de postos de traballo

Os postos de traballo asignaráselles aos participantes por sorteo, en presenza do experto da modalidade de competición e de polo menos un membro máis do xurado. No acto do sorteo poderán estar presentes, se así o solicitan, os titores do alumnado competidor única e exclusivamente como observadores.

6.3.1. Período de familiarización

Antes de que comece a competición, os participantes deberán dispor de polo menos media hora para prepararen os seus postos de traballo e familiarizárense cos recursos dispoñibles.

6.3.2. Comprobación dos instrumentos de medida

Os instrumentos de medida que acheguen os participantes na competición serán contrastados cos do xurado cando este así o considere conveniente.



6.4. Dereitos do alumnado competidor

Durante a competición, os participantes terán os seguintes dereitos:

- a) Ser acreditado convenientemente para o seu acceso aos recintos específicos da competición.
- b) Ser informado polo xurado do desenvolvemento diario da competición, incluíndo a temporalización e as pausas establecidas.
- c) Dispor dos mesmos medios para o desenvolvemento das actividades que o resto de participantes.
- d) Solicitar o contraste dos seus equipamentos cos do xurado en caso de que se considere necesario.
- e) Ser atendido polos membros do xurado ou o experto da modalidade, cando se lle expoña algunha dúbida razoable en relación coas probas ou os criterios de avaliación.
- f) Ser avaliado en igualdade de condicións.

6.5. Obrigas do alumnado competidor

O alumnado competidor deberá actuar en todo momento respectando as normas da competición e as indicacións establecidas polo xurado da modalidade correspondente para o desenvolvemento diario desta, tendo en conta, entre outras, as seguintes obrigas:

- a) Comunicarse cos membros do xurado e coas persoas presentes no recinto da competición co debido respecto e de acordo coas normas específicas establecidas polo xurado para o desenvolvemento da correspondente modalidade de competición.
- b) Respetar as indicacións do xurado para o desenvolvemento da competición. De forma especial teranse en conta as directrices do xurado en relación co uso de dispositivos móbiles durante o desenvolvemento das actividades de competición. O xurado poderá solicitar que se desconecten durante a competición.
- c) Aplicar as normas de seguridade no uso das ferramentas, equipamentos e instrumentos implicados na competición.
- d) Responsabilizarse de dispor dos instrumentos e dos equipamentos que deban achegar e que se especifican nas descricións técnicas.

6.6. Materiais e equipamentos

6.6.1. Falta de elementos que o alumnado competidor deba achegar

No caso de que un competidor non dispoña dalgún dos elementos enumerados nas descricións técnicas e que deban ser achegados por el, este deberá informar a persoa experta da modalidade correspondente, para que poida emendalo, se é posible, no prazo que se acorde, responsabilizándose o alumno competidor e o seu titor de achegalo. En ningún caso se interromperá a competición nin se recuperará o posible tempo perdido.



6.6.2. Materiais de substitución

Os participantes poderán solicitar materiais de substitución no caso de que os orixinais proporcionados estean danados ou non estean presentes. Se o dano producido no material é responsabilidade do competidor, o xurado decidirá se se pode ou non repor e o que implica para a avaliación da proba.

6.7. Comunicacóns e incidencias durante a competición

Durante o horario de competición, os competidores só se poderán comunicar cos membros do xurado e co experto da modalidade. Calquera comunicación con persoas alleas ao xurado deberá ser autorizada pola presidencia do xurado.

6.7.1. Comunicación do inicio e do final do traballo diario

O xurado comunicará aos participantes cando se deben comezar as probas, e nese momento comezará a computarse o tempo da proba. Os participantes deixarán de traballar cando así o indique o xurado, ben porque a proba conclúa ou ben porque así o considere para realizar algunha aclaración relacionada coa competición.

6.7.2. Confidencialidade do plan de probas

Os documentos que se entreguen aos competidores para a realización das probas permanecerán na área de competición ata a finalización destas.

6.7.3. Doenza ou accidente

En caso de doenza ou accidente dalgún participante informarse o seu titor. O xurado decidirá se o participante pode recuperar o tempo perdido ou se procede a súa retirada da competición.

6.7.4. Medidas disciplinarias

Os participantes que mostren unha conduta fraudulenta ou que se comporten de xeito prexudicial para o bo desenvolvemento da competición someteranse ao procedemento de resolución de conflitos establecido no punto 10 deste documento.

6.8. Actividades ao final da competición

O desmantelamento dos talleres e das instalacións non debe comezar antes de que finalice completamente a competición. As zonas de competición, incluíndo os materiais, as ferramentas e o equipamento, deben quedar limpas e ordenadas.

7. Avaliación e sistema de cualificación

A proba avaliarase por módulos de acordo co establecido nas descricións técnicas. O experto cubrirá o rexistro correspondente.



7.1. Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación irán acompañados do esquema de cualificación, que deberá estar especificado no plan de probas de cada modalidade de competición.

7.2. Cualificación

Entre as puntuacións outorgadas polos membros do xurado que avalíen un módulo non deberá haber unha diferenza maior de tres puntos sobre dez. Cumprido este requisito, calcularase a media aritmética das cualificacións obtidas. Os membros do xurado decidirán en que partes da avaliación poderán estar presentes os competidores.

7.3. Avaliación

Os resultados finais da avaliación das probas deberán estar completados en dúas horas, como máximo, despois de finalizada a avaliación do derradeiro módulo da proba.

7.4. Resultados

O experto da modalidade de competición remitirá ao comité organizador os resultados da avaliación, ordenados de maior a menor puntuación e coa asignación das medallas de ouro e de prata.

7.4.1. Recursos sobre os resultados

Calquera desconformidade cos resultados da avaliación debe comunicarse á presidencia do xurado, que, en colaboración co experto da modalidade e tendo en conta a opinión dos xurados que cualificaron, emitirá unha cualificación definitiva.

Se a desconformidade se refire a aspectos de cálculo e non ás cualificacións, a presidencia do xurado ou o experto da modalidade verificarán que as operacións correspondentes estean correctamente realizadas. Se persiste a desconformidade co resultado informarase o comité organizador, que será o que decida en última instancia.

7.4.2. Custodia dos traballos completados

Os traballos completados polos participantes deben manterse nun lugar seguro ata que os resultados da competición sexan aprobados polo comité organizador. En caso de que resulte tecnicamente imposible, débense tomar fotografías deles baixo a supervisión da presidencia do xurado. As devanditas fotografías, ademais dos documentos de avaliación arquivados, deben permanecer nun lugar seguro, dado que poden resultar necesarias para determinar se a avaliación inicial era correcta ou non.



7.4.3. Publicación de resultados

Os resultados oficiais para cada modalidade de competición enumerarán a todos os participantes, con indicación das puntuacións obtidas por cada competidor, así como a adjudicación das medallas.

A entrega de medallas realizarase nun acto público de entrega de medallas. A relación do alumnado gañador, dos seus titores e dos centros aos que representan publicarase na sección Galiciaskills do portal de FP.

8. Medallas e certificacións

8.1. Medallas de ouro e de prata

As medallas de ouro e de prata entregaranse aos participantes que obteñan as dúas mellores puntuacións en cada modalidade de competición.

8.2. Certificacións

O alumnado participante recibirá un diploma acreditativo da súa participación no campionato.

O profesorado recibirá unha certificación de participación nunha actividade de innovación educativa.

9. Participación nos campionatos nacionais

Os participantes que obtivesen a medalla de ouro nas competicións Galiciaskills das correspondentes modalidades representarán a Galicia no seguinte campionato nacional Spainskills, sempre que se convoque a modalidade.

Se o participante que obtivo a medalla de ouro non pode representar a Galicia nas competicións nacionais ou denega no seu dereito, poderá ser substituído polo que obtívase a medalla de prata e así sucesivamente.

10. Procedemento para a resolución de conflitos

No caso de que se produza algún conflito aplicarase o procedemento para a súa resolución establecido a continuación:

10.1. Resolución no seo da modalidade de competición

Se a incidencia fai referencia a aspectos concretos da competición dunha modalidade determinada, o participante ou o seu titor informará a presidencia do xurado, quen en colaboración cos membros do xurado emitirá un veredicto que será comunicado ao participante e ao titor correspondente. A emisión do veredicto realizarase no prazo máximo de dúas horas.



10.2. Resolución polo comité organizador

Se a parte que presenta a incidencia non está de acordo co veredicto emitido polo xurado, comunicarao por escrito á presidencia do xurado da modalidade de competición, que o trasladará ao comité organizador. Este tomará a decisión definitiva e comunicarlalla ao participante, ao titor e ao xurado.

11. Faltas e sancións

11.1. Tipificación das faltas

As faltas clasificaranse, dependendo da súa incidencia na competición e no respecto debido ás persoas, en:

- a) Faltas leves: as condutas que se detecten en grao de tentativa pero non teñan incidencia na competición nin supoñan falta de respecto ás persoas, tales como intentar utilizar material non autorizado ou copiar doutro competidor, entre outros.
- b) Faltas graves: as condutas que afecten o desenvolvemento da competición ou as que impliquen faltas de respecto ás persoas.
- c) Faltas moi graves: as que afectando a propia competición ou as persoas transcendan ao desenvolvemento da competición.

11.2. Sancións

As sancións serán impostas polo presidente do xurado, por proposta da maioría deste, e serán as seguintes:

- a) En caso de falta leve, amoestarase verbalmente a persoa infractora. Dúas faltas leves serán consideradas como falta grave.
- b) En caso de falta grave, o competidor será penalizado coa redución de puntos na avaliación. Dúas faltas graves serán consideradas como falta moi grave.
- c) As faltas moi graves suporán a baixa automática da competición.